

Un anxo delincuente

**Antecedentes criminais. Antoloxía
Pessoal 1982-2007** · Amadeu Baptista
· Edicións Quasi, 2007 · 272 páx. · 17
euros

“*Não se pode responder com
palavras ao que perguntas
com palavras*”

*Sentença Sufi (en Kefiah, de A.
Baptista)*

Titulei a presentación desta última obra de Amadeu Baptista tal como fixen a primeira vez que escribín sobre a súa poesía en 2001 no “Pasadizo” da Revista poética Almacén, daquela a miña sección no proxecto de Marcos Taracido anterior a Libro de notas (<http://www.librodenotas.com/>). Pasaron seis anos e viñeron máis dez novas obras, e a perspectiva que defendín na altura como específica da súa poética debe manterse; porque na súa obra o ser humano, puro e por tanto divino de partida, continúa a ser descrito na súa polución permanente polo demoníaco a través da experiencia da vida. En nada mudaron os premios literarios Teixeira de Pascoaes (2004) e Sebastião da Gama (2007) o prisma da creación, que na súa refracción do rico imaxinario persoal permanece intacto.


Así, unha infancia saturnal continúa a ser unha das pedras basilares. A infancia de quen reconece nas treboadas familiares un destino inmerecido, sobre todo para quen pola súa idade non debe cumprir penitencias. Eses cálculos cardíacos que todos coñecemos, e que algúns individuos engrosan inevitabelmente no corazón até que ningún espazo resta para a alegría. Porén, Baptista fálanos ademais do amor, chave do sentido da existencia, portador do que de mellor gozamos na vida e da maior das torturas inflixidas: o abandono; da creación artística como exploración de ámbitos de

liberdade e como espazo para a superficialidade disfrazada de verdade nos púlpitos da arte; da enfermidade como punto en que nosa fraxilidade real se torna unha inevitábel caída de pétalas, un auténtico recalibrado de prioridades perante a decantación obxectiva dos máis íntimos valores; da vontade gnóstica a que como actitude final todas estas experiencias deben conducir un intelecto rigoroso, un espírito que procura a súa esencia lonxe da farsa relixiosa con que nos mollaron a cabeza sobre a fría pedra dunha tradición obsoleta.

Polo camiño, moitas torres caen perante as ansias do poeta por reflectir sobre a utilidade de certas actitudes humanas, en particular no social. Así, as institucións relixiosas resultan indirectamente sinaladas como baluartes da traizón ao humanismo que todas elas se atribúen, cando os seus símbolos son diseccionados polos escalpelos do amor e a xustiza: “LAVA PÉS / Cingido o corpo aos vossos pés solenes, / com os joelhos em terra a as mãos na água, / inclinando-se a cabeça para o chão e o olhar / à tensão das coisas submetido, / suportovos a maldição de serdes homens, / criaturas da terra que o céu acossa.” E as políticas, pola súa parte, son enfrontadas aos seus mesmos alicerces: “Por essa estrada ia a descobrir os gregos / e não tardei a ver com que punhais / trabalha a insídia e aos abutres / se não devem confiar os braços levantados / para a prece comum.”

Poesía sen circunloquios, dirixe ao albo máis sensíbel imaxes nítidas de realidades esenciais encarnadas en verso sólido e pulido, sabendo cada cousa chamala polo seu nome. Un nome poético, é claro, o máis exhaustivo na descrición da complexidade do mundo.

// Alfredo Ferreiro



O ser humano,
puro e divino
de partida,
continúa a ser
descrito na
súa polución
permanente
polo demoníaco
a través da
experiencia da
vida